



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución definitiva dos centros docentes públicos seleccionados e suplentes para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, “English Week”, no curso 2016/2017 correspondentes aos cursos primeiro, segundo, terceiro e cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

Con data 14 de outubro de 2016 procedeuse á exposición pública, no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es>), da resolución provisional dos centros docentes públicos seleccionados dos cursos primeiro, segundo, terceiro e cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) beneficiarios da convocatoria de actividades de inmersión en lingua inglesa “English Week”, xunto coas quendas primeira, segunda, terceira e cuarta correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes, abríndose un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 9.4 da Orde de 12 de xullo de 2016

Unha vez transcorrido o prazo establecido para as reclamacións e renuncias e segundo os termos establecidos no artigo 9.4 da Orde de 12 de xullo de 2016 (DOG do 28 de xullo) pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, faise pública a resolución definitiva dos centros públicos seleccionados de primeiro, segundo, terceiro e cuarto cursos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), xunto coas quendas primeira, segunda, terceira e cuarta, así como os centros que quedan como suplentes, de acordo co anexo que se xunta.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2016

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Asdo.: Manuel Corredoira López

